

GRAMÁTICA 2º TRIMESTRE. PRÁCTICA.

Hai moi lonxe un país no que **viven** dous señores. O señor X vai mudar de domicilio e terá que vender a súa fermosa casa. Ao principio aínda **pensou** vivir nun hotel, buscar un hostel de varias estrelas, mais non é unha vida tranquila para el, que está afeito ao seu chalé. Un amigo faloulle dunha residencia a bo prezo con cuartos individuais ben preparados, pero quedalle a contramán para o despacho. Se **andase** algo mellor de fondos xa lle tiña botado o ollo a un pazo que hai alí preto do novo Pazo dos Deportes e iso que **tería** que restauralo. Tamén mirou un luxoso andar no edificio que hai fronte ao Cine Marítimo e non o convenceu. Certamente que lle ofreceu hospedaxe seu curmán Y e aceptaría se non fose ese mal xenio que **gasta** e que fai difícil compartir aloxamento con el. Ao final decidírase por unha hospedaría de boa calidade e poucos hóspedes, unha que lle encheu o ollo.

O outro señor, o señor Z, ten aínda máis problemas coa morada agora que fechou o albergue municipal que lle **servía** de pousada. As pensións están caras para el; aínda algunhas casopas do Barrio do Freixo que non son máis que barracas de feira. O seu coa vivenda vén de lonxe. Naceu nun hospicio. Xa mozo, viviu un tempo nunha choza abandonada. Botou un inverno de vixiante dunha obra durmindo no pendello da ferramenta. Só cando estivo de mecánico tiña para alugar un caseto na estrada de Salcedo. Mais as cousas torcéronse e agora non atopa un mísero antro onde estarricar os ósos. Ás veces soña que é un garda forestal e **vive** nunha cabana no monte ben provisto de leña e comida; érguese á mañá ao romper o día, almorza ben e comeza a rolda: axeitar o cubil dos coellos, ver o novo toco do raposo e dos esquíos e.... esperta en calquera choupana aínda máis fría que a gorida dun lobo.

- 1.- Indica o tempo e modo das formas verbais regulares salientadas en grosa no texto e divídeas nos seus constituíntes morfolóxicos.
- 2.- Copia todos os verbos irregulares que haxa no primeiro parágrafo. Conxuga un deles en pretérito de indicativo; outro, en presente de subxuntivo e outro, en antepretérito de indicativo.
- 3.- Anota as perífrases verbais e clasifícaaas.
- 4.- Localiza, no 2º parágrafo, un verbo da terceira conxugación que teña alternancia vocálica e conxúgao en presente de indicativo e mais en imperativo (todas as persoas).
- 5.- Na oración *Se **andase** algo mellor de fondos xa lle tiña botado o ollo a un pazo*, di se se podería empregar ou non o antepretérito (*andara*) en lugar de *andase*. Explica a túa resposta.
- 6.- Escribe oracións nas que exemplifiques os distintos casos de uso do infinitivo conxugado ou persoal.
- 7.- Anota e clasifica os adverbios do texto.
- 8.- Anota e clasifica as conxuncions do texto.
- 9.- Rodea no texto as preposicións.